

MARÍA (Y LOS DEMÁS)

[Nely Reguera, 2016]

178

ESTREA EN NUMAX: 07.12.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

María (y los demás) (2016, 90')

Dirección: Nely Reguera

Guión: Nely Reguera

Reparto: Bárbara Lennie, José Ángel Egido, Pablo Derqui, Vito Sanz, Julián Villagrán, María Vázquez, Rocío León

Montaxe: Aina Calleja

Dirección de arte: Andrea Pozo

Son: Juan J. Gay López

Música: Nico Casal

Fotografía: Aitor Echevarría

Produtora: Frida Films, Avalon (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Pablo, 2009 [Curtametraxe]

Ausencias, 2002 [Curtametraxe]

FESTIVAIS

San Sebastián 2016

(Nov@s Director@s)

SINOPSE

Desde que morreu a súa nai cando ela tiña 15 anos, María coidou de seu pai e seus irmáns. Responsábel e controladora, sempre foi o piar da familia, e séntese orgullosa diso. Por iso, cando seu pai se namora repentinamente da súa enfermeira e anuncia o seu inminente compromiso, María sente que a súa vida se vén abaixo. Con 35 anos e sen mozo á vista, deberá atreverse a mudar o seu destino.

«Un filme que flúe e que é, por moi tópico que poida soar, como a vida mesma, cunha Bárbara Lennie en estado de graza, nun rexistro cómico ao que non nos ten acostumados»

Sofía Pérez Delgado
EL ANTEPENÚLTIMO MOHICANO



MARÍA (Y LOS DEMÁS)

[Nely Reguera, 2016]

“Para min as fantasías en guión son moi importantes”

Entrevista a Nely Reguera
Por Ramón Rey

Como xorde a idea de facer a túa primeira longametraxe? Despois da última curtametraxe, de *Pablo* (2009), tiña ganas de contar unha historia máis longa. Que tivese máis tempo de desenvolver eses personaxes. Realmente deuse de forma natural, porque a historia pedía unha longametraxe. Despois outra cousa foi conseguir rodala, iso xa é máis difícil. E respecto da idea, apeteciame moito este retrato deste personaxe. Apeteciame falar sobre unha persoa que non cumpre co que parece que xa todos temos que ter a partir de certa idade. Un xa ten que ter unha parella estable, ter fillos, triunfar no seu traballo, ter as ideas súper claras. A miña sensación era que non estaba nese lugar, que gran parte da miña contorna non estaba nese lugar e tiña ganas de facer unha película sobre alguén que non está nese lugar, que está nun momento de confusión moito máis grande.

Entón esa idea de representación xeracional que ten a película xorde xa como parte da propia historia e non a posteriori ao desenvolvela. A min sufócame, dáme pudor dicir xeracional. (...) Para min era falar a partir dunha experiencia máis persoal e máis próxima á miña, traballar e logo se a xente empatiza, perfecto. Buscas iso, pero non me atrevo a dicir que estea a retratar a unha xeración.

Eu creo que retrata ben certo ambiente que hai desde hai uns anos sobre todo do que comentaches: xente que está un pouco descarrilada da vida e das expectativas sociais e que non teñen unha forma de saír de aí. Por iso conecta tan ben con moita xente. Porque creo que amosa inquietudes e dúbidas e emocións nas que moitos nos podemos recoñecer. Máis aló de María, tamén o resto de personaxes. Recoñezo a escena cando a amiga Bea di que está embarazada, encántame a reacción das dúas amigas porque son dúas das súas

mellores amigas. Estou convencida de que se van ilusionar e van estar moi felices de que a súa amiga quedase preñada, pero nese momento ningunha das dúas é capaz de ilusionarse. Unha está máis pendente de se lle responden ao teléfono e a outra sente tanta rabia por non ser ela a que se empreñou que non é capaz de... Entón, amosar eses momentos en que a un lle supera a envexa e uns sentimentos máis negativos, moito máis escuros, era algo que me interesaba moito.

O que probabelmente máis destaca da túa película é o moi preciso que está definido o ton para poder sortear e pasar entre o cómico e o trágico facilmente nunha mesma secuencia, sen que en ningún momento se che vaia das mans nun sentido ou noutro. Foi difícil coordinar os actores coa forma de rodar para conseguir especificamente ese ton? Foi unha cousa da que eramos moi conscientes. Xa desde o guión o tiñamos moi claro. María é unha personaxe que toma a vida de forma moi dramática (...). Era moi importante contar a historia sen ese dramatismo pola miña banda. Todo o contrario, achegándolle máis sentido do humor. Isto si que o vixiamos moito xa en guión, faleino moito con actores, vixiámolo con Aitor poñendo a cámara e logo tamén na montaxe coa música. Para min era moi importante non subliñar en absoluto con música os momentos dramáticos e, todo o contrario, era poñer música nos momentos onde non había drama. Non sei se foi difícil, foi un reto moi interesante de levar a cabo. Goceino moito.

A partir dese naturalismo que querías imprimir na película hai dúas escenas que se saen un pouco dese aspecto, que son as fantasías de María que se transmiten ao final visual e sonoramente. Tiñas medo a que non acabasen de encaixar co resto da película? Para min as fantasías en guión eran importantísimas. Unha personaxe que está tanto tempo enfadada como María, era bonito verlle tamén aquilo co que ela soña, co que ela se ilusiona, momentos nos que a ves contenta.

Publicado en vosrevista.es
Tradución: Olalla Cociña

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME